

Estimados compañeir@s:

Nós hai un ano tamén estabamos na vosa situación, preocupados por cousas que non sabiamos que ían pasar, pero non vos preocupedes porque todo vai saír ben; o malo é que a situación do Covid-19 fastidia as cousas ás veces, pero non pasa nada, hai que ter ánimos.

Non vos preocupedes polos maiores, non se van a burlar de vós, seguramente non vos farán nin caso. Tampouco vos van a obrigar a facer nada que non queirades, estade tranquilos por iso. Os madrugóns ao principio custan, pero acabas acostumándote. O noso consello é que vaiades para cama cedo.

Polos partes non vos preocupedes, se non facedes nada malo non ides ter problema e non vos poñerán ningún. En canto as amizades, pode que vos separen dalgún amig@ na clase pero seguramente vos toque con alguén que coñezades, e ademais ides coñecer xente nova que pode ser moi agradables e converterse en novas amizades. Esa é unha das mellores cousas do instituto, cada curso podes facer máis [amig@s](#).

A maioría dos profesores son amables, explican ben, pode haber algún que non vos guste, pero coma en todo sempre hai bo e malo. E cando preguntamos sempre fan por axudar. Os deberes non son moitos, son un chisco complicados algúns, pero os profesores explícanos antes así que normalmente non te toma moito tempo facelos. Se os tedes mal sempre podedes aprender dos vosos erros.

Ao final o instituto non está tan mal, é como o colexio pero un pouco máis de todo: deberes e rapazada agradable. O ano pasado nós estabamos igual ou peor porque estabamos confinados pola Covid-19. E pensade que o instituto tamén ten cousas moi boas, como a cafetería, os radiadores, os ordenadores e as amizades.

Despedímonos intentando darvos esperanzas de supervivencia: **ata o curso que vén!**